

ACTIVIDADE UD.7

(REALIZA AS TAREFAS QUE INDIQUE A PROFESORA NA TÚA LIBRETA)

A IDADE MODERNA

1. Elabora un eixo cronolóxico coas etapas históricas dende o s. XV ata o s. XVIII. Anota tamén os acontecementos históricos máis importantes que dean comezo e fin a cada etapa.

A REVOLUCIÓN DO COMERCIO

2. Elixo un dos seguintes bloques de preguntas e investiga para responder ás cuestións de maneira completa.

OS ESCRAVOS:

En que momento se comezou a comercializar con escravos africanos?
Que países dominaban o comercio de escravos?
Como "conseguían" os escravos en África?
Especifica as condicións nas que viaxaban os escravos.
Que acontecía cando chegaban a América? (Subastas, separación das familias...)
Onde traballaban os escravos? En que condicións?
Un escravos podía acadar a súa liberdade? Expón algún exemplo.

AS MERCADORÍAS AMERICANAS:

Quen comerciaba cos produtos americanos? Había liberdade comercial?
Cales eran os principais produtos cos que se comercializaba?
Que produtos americanos seguemos a empregar hoxe en día?
Que facían os piratas cos barcos comerciais? E os corsarios?

DO HUMANISMO Á ILUSTRACIÓN

3. Consulta a ficha sobre os ilustrados na aula virtual e busca información sobre as personaxes que se presentan que permitan denominalas coma ilustradas.

O IMPERIO HISPÁNICO

4. Realiza un eixo cronolóxico especificando as etapas e características deste apartado.

SÍNTESE DE IDEAS

5.Organiza nun cadro comparativo as seguintes características máis importantes da Idade Media e a Idade Moderna.

Busca e anota o significado dos conceptos que non coñezas. É imprescindible coñecer estes conceptos para entender o tema.

Unidade relixiosa (catolicismo) / Sistema estamental / Protagonismo da burguesía / Renacemento / Gótico / Barroco / Estado Moderno / Románico / Cultura baseada na relixión / Humanismo / Monarquía / Reinos feudais
Troco / Grandes descubrimentos / Imperios coloniais / Capitalismo comercial / Reforma relixiosa

	IDADE MEDIA	IDADE MODERNA
ORGANIZACIÓN DO REINO /ESTADO		
SOCIEDADE		
CULTURA		
RELIXIÓN		
ARTE		
COMERCIO		